

# **CONCELLO PLENO**

## **ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO

**ACTA NUMERO:** 2014/04

**CARÁCTER:** ORDINARIA

**CONVOCATORIA:** Primeira.

**DATA:** 25 de marzo de 2014.

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as nove horas e corenta minutos do día **20 de marzo de 2014** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO URXENTE baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

**Presidente:**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

**Concelleiros presentes na sesión:**

**Polo Grupo do B.N.G.**

Dona Mari Luz Alvarez Lastra  
D<sup>a</sup> Ana María Martínez Fernández.  
D. Horacio Cupeiro Rodríguez  
D<sup>a</sup> Maria Teresa González Piñeiroa.  
D. Xavier Campos López

**Polo Grupo do P.P.**

D.Manuel Valín Valdés.  
D<sup>a</sup> Azucena González Loredó.  
D<sup>a</sup> Maria del Campo López-Braña Freije

**Polo Grupo de U.P.R.I.**

D.Agustín Reymondez Gancedo.

**Polo Grupo do PSG-PSOE**

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

**Concelleiros ausentes na sesión:**

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa (BNG)  
D.José Manuel Yañez Dablanca (PP)  
Excusan a súa ausencia.

**Secretario Xeral:**

D. José A.Carro Asorey

**Interventor:**

D. Luis R.Vázquez Parga.

**Técnico de Admón. Xeral.**

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

De xeito previo a concelleira do Grupo Municipal Popular Sra.López-Braña Freije pide a palabra ao Sr.Alcalde para interesar que pola Corporación Municipal se garde un minuto de silencio en memoria do expresidente do Goberno D.Adolfo Suárez, falecido. Posta en pe a Corporación gárdase un minuto de silencio.

#### **2014.01.12.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES ORDINARIA DE 23 DE XANEIRO DE 2014 E EXTRAORDINARIA URXENTE DE 26 DE FEBREIRO DE 2014.**

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Por parte da Concelleira Sra. López-Braña Freije, do Grupo Municipal Popular, ponse de manifesto que se produciu un erro na acta relativa á sesión ordinaria de 23 de xaneiro de 2014, páx. 22 da mesma en donde se refire ao Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández como do BNG cando debe dicir do PSG-PSOE.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda prestarlle a súa aprobación ás referidas actas coa modificación indicada na ordinaria de 23 de xaneiro de 2014 reflectida anteriormente.

#### **2014.02.13.- EXPEDIENTE DO PXOM DE RIBADEO.**

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“O Sr. Alcalde cede a palabra ao Secretario municipal que realiza unha exposición en relación co requerimento formulado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas con relación ao Plan Xeral de Ordenación Municipal que foi aprobado provisionalmente con data 12 de xullo de 2013.

Refírese en concreto ao último requerimento da Consellería de 27 de agosto de 2013 explicándose os 14 puntos do mesmo que constan no informe de Secretaría obrante no expediente así como da constancia dun informe técnico e outro da empresa redatora do PXOM con relación a este asunto.

Dase conta tamén da proposta da Alcaldía, obrante no expediente, para adopción de acordos polo Pleno Municipal no sentido de:

1º.- Prestar aprobación á documentación complementaria requirida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no seu escrito de data 27 de agosto de 2013 en consonancia cos informes técnico e xurídico referidos aos que se fai referencia anteriormente.

2º. A remisión do acordo que se adopte xunto coa documentación completa do PXOM desta Entidade aos efectos do disposto no artigo 85.7 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, aos Servizos de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas.

A Comisión, por cinco votos a favor ( catro dos membros do BNG e un do Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Municipal do PP) acorda ditaminar favorablemente a proposta de referencia para adopción de acordo polo Pleno municipal.”

Obran no expediente os informe de Secretaría, do técnico municipal e da empresa redatora do planeamento.

Ábrese a deliberación, intervén en primeiro lugar o portavoz do PSG-PSOE Don Eduardo Gutiérrez Fernández, que manifesta que considera que está sobradamente debatido e informado o asunto e que vai votar a favor.

O Concelleiro Sr.Reymondez Gancedo de UPRI manifesta que tamén vai votar a favor. Fai referencia a que se tivo que enterar da petición Xunta de Galicia a través dun grupo de veciños dunha parroquia de Ribadeo, polo que fixo una queixa pública. Tamén recoñece que a raíz desa queixa enseguida se convocou aos portavoces de todos os partidos. Reitera o seu voto a favor.

O Portavoz do PP, D. Manuel Valín Valdés, manifesta que o seu voto vai ser a favor. É consecuente co que se leva traballado neste consenso e co que se conseguiu neste tema, expresa o seu desexo de que vaia todo ben e que o PXOM sexa una realidade canto antes porque é algo fundamental para o desenvolvemento socio-económico do Concello e por suposto que o grupo municipal do PP vai estar arrimando o hombro ao lado do goberno para que así sexa.

Intervén o Alcalde manifestando que comaparten todas as e cada una das palabras que se dixeron, polo que someten a votación todos os cambios producidos polos requerimentos da Xunta.

A Corporacion, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda:

1º.- Prestar aprobación á documentación complementaria requirida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no seu escrito de data 27 de agosto de 2013 en consonancia cos informes técnico e xurídico referidos aos que se fai referencia anteriormente.

2º. A remisión do acordo que se adopte xunto coa documentación completa do PXOM desta Entidade aos efectos do disposto no artigo 85.7 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, aos Servizos de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas.

#### **2014.03.14.-DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO (4º TRIMESTRE DE 2013).**

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa en relación co expediente epigrafiado no que a mesma se deu por enterada do referido informe.

Intervén o Sr. Alcalde, indicando que no informe se reflexa que imos ben. Fai referencia a que o Sr. Interventor podería decir que non tan ben e que o que quere decir e que vamos mellorando, que o Sr. Interventor dirá: bueno, hai que mellorar máis, e que todos dirán que sí que hai que mellorar máis, pero que estamos nese camiño.

A Corporación dase por enterada e por cumprido o trámite de dación de conta.

#### **2014.04.15.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE SEGUIMIENTO PLAN DE AXUSTE DO ARTIGO 10 DA ORDE MINISTERIAL DE 1 DE UTUBRO DE 2012.**

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa en relación co expediente epigrafiado no que a mesma se deu por enterada do referido informe.

O Sr. Alcalde indica que igual que no punto anterior, é una dación en conta, e supón que será o mesmo, pregunta se hai cousas que se queiran decir ou se se dan por enterados.

A Corporación dase por enterada e por cumprido o trámite de dación de conta.

Antes de pasar ao punto 5, o Sr. Alcalde comenta que presentaron 2 mocións. Referente a moción sobre a Reforma Local e Provincial, comenta que queren retirala, non porque non queiran debatila, senon porque a queren incorporar como un punto na orde do día, para o cal a corporación ten que votar a conformidade, para meter esto mesmo a través dun punto.

A continuación o Sr. Alcalde explica esta decisión argumentando que a moción vai máis aberta, quere convatir a modificación da Lei sobre a Reforma Local e Provincial e que entra en debate sobre a organización territorial, que non lle queren fuxir pero que creen que non e o momento, porque queren que o Concello primeiro se posicione e que queren e plantexar xunto con outros concellos do Estado o inicio da tramitación do Conflicto de Defensa da Autonomía local, que é una especie de Recurso de Inconstitucionalidade.

Puntualiza que non é un Recurso de Inconstitucionalidade porque o Concello non pode facer Recursos de Inconstitucionalidade, pero que si pode presentar Conflictos de Defensa da Autonomía Local, para o cal hai que ter un séptimo dos concellos do Estado que a sua vez representen como mínimo un sexto da poboación local, e témonos que adherir ao concello de maior poboación que vai ser o Concello de Barcelona. Indica que hai de prazo ata o día 28 para presentar un acordo do pleno. Entón para una cuestión de procedemento administrativo os técnicos indican que máis que una moción debe ser un acordo, un acordo plenario.

O Sr. Alcalde explica entón cales eran os puntos da moción, que desenvolve dúas partes. O primeiro punto refírese ao explicado anteriormente, o Conflicto de defensa da Autonomía Local. No segundo punto, que e o que non procede, según o seu criterio, basa sobre demandar un proceso de reforma do Estado eliminando as Deputacions, etc. Manifesta que non lle escapan ao debate a este asunto, pero que se deben centrar no punto anterior. Que por una cuestión de tempo querían ter aprobado este acordo e enviado canto antes, porque se require a maioría absoluta do número legal de membros da corporación, hai que designar un procurador en Madrid e hai que facelo antes do 28 e hoxe é 25, enton para lograr un posible maior acordo entre os grupos da corporación decidiron renunciar a parte dese debate máis ideolóxico e centrarse no que nos interesa por defender a autonomía local.

Seguidamente o Sr. Alcalde indica que todo esto o dixo como explicación e a continuación consulta ao Sr. Secretario sobre o modo en que van a tratar estes asuntos, se proceden a tratar as mocións ou meten outro punto na orde do día.

Unha vez feita a consulta, o Sr. Alcalde indica que se lles parece despois do ultimo punto ordinario se vai crear un punto extraordinario para tratar este asunto e que despois cando cheguen as mocións se debata a do 065 pero a outra se retira.

Debátese sobre a rentabilidade para o Concello de Ribadeo indicándose polos concelleiros do Grupo Municipal Popular que non se lles da tempo para estudar o asunto.

O alcalde ofrece un receso de 10 minutos. Aclara que non se engade nada novo que non se dixese na moción, só que se van invocar os artigos 1 e 2 da Lei 27/2013. Que o artigo 1 é o que cambia toda a Lei de Bases do Réxime Local e o 2 e o que cambia toda a Lei de Facendas Locais. Rectifica decindo que cambian substancialmente.

Faise un receso de cinco minutos.

Reanúdase a sesión.

Procédese á votación sobre a urxencia deste asunto para incorporar o mesmo á orde do día, acordándose a súa inclusión e posterior tratamento do asunto con carácter de urxencia por sete votos a favor (dos concelleiros do BNG e PSG-PSOE), tres votos en contra (do Grupo Municipal Popular) e unha abstención (do concelleiro de UPRI).

**CONFLICTO EN DEFENSA DE LA AUTONOMÍA LOCAL CONTRA LOS ARTÍCULOS PRIMERO Y SEGUNDO Y DEMÁS DISPOSICIONES AFECTADAS DE LA LEY 27/2013, DE 27 DE DICIEMBRE DE 2013, DE RACIONALIZACIÓN Y SOSTENIBILIDAD DE LA ADMINISTRACIÓN LOCAL (BOE N° 312 DE 30 DE DICIEMBRE DE 2013)**

O Sr.Alcalde intervén de novo, indica que se pode coller parte da argumentación da moción, non toda xa que se retirou e era moito máis ampla, e que consideran que, como xa se manifestou máis veces, que a lei 27/2013, que quere modificar a Lei de Bases do Réxime Local e a Lei de Facendas Locais, é lesiva para os veciños, sobre todo para os de concellos como Ribadeo que non son grandes cidades e que se quedan absolutamente mermadas en competencias e que van a facer inviables moitas cuestión por moito que novas leis autonómicas veñan intentar regular una situación moi difícil de regular no sentido de que se a Lei do Estado di determinda cousas dubida que, co sistema competencial que temos, una Lei autonómica vaia deixar plana a una Lei de Bases. Continúa decindo que os concellos temos esta posibilidade de exercer esta especie de recurso de inconstitucionalidade, que non é tal, se non un Conflicto de Defensa da Autonomía Local e cree que se pode facer, que hai outros concellos moitísimo máis grandes e moitísimo máis pequenos que éste e que o van facer. Explica queren aportar o grao de área para conseguir cumprir o que esixe a norma, sumar 1/6 da poboacion oficial do Estado para poder plantexar este Conflicto de Defensa da Autonomía Local que o que persigue e ir contra esta lei absolutamente absurda sen debate e sen negociación onde a FEGAMP se manifestou routundamente en contra e que o 29 de decembro foi aprobada.

Intervén o concelleiro D. Eduardo Gutiérrez Fernández do PSG-PSOE decindo que vai votar a favor. Explica as razóns, a primeira é que é consecuencia de un acordo entre varios grupos políticos representados no Congreso dos Deputados agás o que apoia ao Goberno.

O segundo motivo é por razóns de tipo práctico, que xa se dixo varias veces sobre este asunto é que consideran a reforma da Lei moi precipitada. Explica que pola experiencia que teñen no propio Concello ven cales son as consecuencias á hora dunha realización recente como é a residencia da terceira idade e que non sabe o que vai pasar, xa que as competencias nesa materia pasan á Xunta de Galicia pero que non hai nada que regule o sistema de financiación e por outro lado contratata coa política da Xunta de recortar axudas, co cal se as cousas van coa mesma falta de rigor administrativo e de lóxica que foron ata agora chegarase á conclusión de que a encargada de suplir economicamente

estas cuestión nos concellos será o goberno autonómico exactamente igual que fai tradicionalmente noutras áreas.

Conclúe decindo que vai votar a favor.

A continuación intervén D. Manuel Valín Valdés do Grupo Popular, que comeza decindo que cree que lles acaban de meter un lío, xa que se está falando de criterios e que el sinceramente a bote pronto e lendo ese papel non ten suficientes criterios para dar un setido do voto obxectivo, xa que se fala dos artigos primeiro e segundo e que el non ten neste momento a lei para ver estes dous artigos. Pregunta retóricamente: a lei é mala?? Si a lei e mala, ten unha contestación social. Continúa decindo que despois de 35 anos facía falta facer un cambio, que se fixo un cambio precipitado con moitos defectos.

O Sr. Valín Valdés indica que lee no texto que o Concello de Ribadeo vai ter que facer unha escritura de poder a favor dunha procuradora e que isto significa que se van meter nun litixio, que vai costar cartos e que se está a facer unha maniobra política dun orde nacional, que se ven implicados os concellos, e que el, que é concellal de Ribadeo e que debería estar defendendo os intereses de Ribadeo se ve suplindo quizais a outros políticos que en outros foros era onde se debía debatir. Continúa decindo que entende que esto nos ataña pero que tamén entende que igual había outras vías para darlle unha solución a esta antes que entrar en esto e que el como representante do pobo de Ribadeo, pero independente, que realmente non depende de ningunha ideoloxía, non ten os criterios suficientes e obxetivos para dar un voto, que polo tanto quere escoitar aos demais pero que non vai votar que sí.

A continuación intervén a Sra.López-Braña Freije explicando que lle parece unha arbitrariedade e un abuso por parte do equipo de goberno presentar nestes momentos, rápido e correndo pola porta de atrás, unha reforma ou meter ao Concello de Ribadeo nunha cuestión de constitucionalidade o que vai supoñer un gasto, por unos intereses que nin están acreditados.

Prosegue referíndose ao Sr. Alcalde, decindo que éste lles presenta un escrito e cuestionándolle se é arbitrario o que dí: “formalización de Conflicto de Defensa da Autonomía Local contra os artigos primeiro e segundo e demais disposicións afectadas”.

Continúa lendo o texto: “de acordo co texto que se adxunta”, pregunta cal é o texto que se adxunta e dí que ahí non hai ningún texto que se lles adxunte. Di que se someteu a votación e se aprobou polos membros desta corporación un acordo que é do todo, e se non de todo, en principio, lesivo para os intereses do Concello de Ribadeo e susceptible de ser impugnado e que o secretario dirá ata que punto é procedente, pero que xa entrado o punto de vista formal supón que hai técnicos no concello para opinar sobre elo, e que entrado xa no punto de vista sustantivo lle parece unha hipocresía e un cinismo total que por parte de quen está participando dun goberno da Deputación Provincial, se plantexen no Concello de Ribadeo a supresión das Deputacións Provinciais.

Manifesta que non se entende ese exercicio que presenta o Sr. Alcalde día sí día non das maravillas que supón para o Concello de Ribadeo a Deputación Provincial e que sen embargo sí queren suprimir a Deputación Provincial. Que non se entende que se estén

beneficiando da Deputación Provincial e que sen embargo pidan a supresión dela. Volve a reiterar que lle parece unha hipocresía e un cinismo.

Manifesta que non van a entrar no debate da lei nin no contido da proposta, e que ela só pode rematar por concluir que ese acordo ou proposta que lles presentaron é de todo rexeitable e que non lle parecen formas nin respecto para a oposición, aínda que sexan pouquiños, pero que cree que merecen un respecto e que ese respecto era tan sequera haberlles pasado esa prosta pola mañá, pero que dito eso, que como non lles explican en que se fundamenta esa proposta de inconstitucionalidade ou de reforma de inconstitucionalidade, non o poden apoiar.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que o respecto é todo, que poden estar en desacordo, que tamén o acepta e que incluso a el tampouco lle gusta sacar esto, pero que realmente meteron unha moción para tratar e o que pasa é que o certo é que esto se podería aprobar, pero terían que someter inmediatamente a un novo pleno extraordinario e urxente para acabar aprobando e debatindo o que están agora, que os argumentos son os mesmos que se están poñendo encima da mesa e que sobre estes argumentos son dos que quere falar tamén. Enumera en primeiro lugar que son acordados por moitos grupos e afecta aos artigos 1 da Lei 27/2013, que é o que ten que ver coa Lei de Bases do Réxime Local, con moitos aspectos que cambian, e artigo 2 coa Lei de Facendas Locais, e que dende logo o que tratan é de defender os intereses dos veciños do concello.

Insiste o Sr. Alcalde en que non llo tomen a mal e que en todo caso lles pide disculpas por esa cuestión que pode parecer un pouco precipitada, pero que o certo é que o pleno ordinario é agora e que o tuberon que pospoñer varios días por cuestións do punto principal que era o Plan Xeral e polo Antroido, e que entón se lles acaba o tempo para poder tomar este acordo para envíalo antes de que se pasen os tres meses dende que se aprobou a lei 27/2013. Tamén explica que o que pode costar un poder notarial non vai supoñer a ruína para o Concello de Ribadeo, que non sabe o que pode costar.

Por parte do Grupo Popular pregúntase polo custo do proceso.

O Sr. Alcalde contéstalle decindo que o proceso en principio está seguro de que non lle vai costar nada ou vai practicamente simbólico o que vai costar. Dí que se 10.000 habitantes que ten Ribadeo se ten que sumar a un proceso de 1/6 da poboación, 1/6 de uns 8.000.000 de habitantes, se Ribadeo con eses 10.000 habitantes que aporta a eses 8.000.000, puntualiza que sabe que o Concello de Barcelona aporta uns 4.000.000 e que outros concellos tamén aportarán unha cantidade moi ampla, que a gotiña de área que o Concello de Ribadeo vai propoñer nesa gran montaña de área necesaria dende logo non vai a ter ningunha incidencia económica no Concello de Ribadeo para mal, que para ben si se se declaran inconstitucionais estes artigos que son absolutamente infumables. Tamén dí que non sabe porque o Concello de Ribadeo, pode poner por caso, pois se quere non poder pagar a dúas nenas saharauis que viñan aos campamentos, pois que non sabe se cumpren coas normas, que non sabe porque o Concello de Ribadeo se quere pois non pode amañar os camiños cheos de maleza.



Respóndese decindo que lle corresponde á Xunta, pero que dubida que a Xunta veña a desbrozar os camiños de Vilandríz ou de Requiande ou de Rinlo, é decir, que hai circunstancias que é unha absoluta irracionalidade como fixeron esta lei e contra a irracionalidad está a cuestión de Conflicto de Defensa da Autonomía Local.

Intervén a concelleira do Grupo Municipal Popular que indica que a Lei 27/2013 é precipitada e pensa que esta proposta tamén é moi precipitada. Dí que á Lei 27/2013 non se lle deu tempo nin a acabar, que está inacabada e que había outros criterios antes de entrar nestas dinámicas, como por exemplo solicitar á Xunta de Galicia que adaptase a Lei esta aos criterios dentro da democracia galega. Reitera que se podía pedir eso dende o Concello, que sería máis fácil, e que xa sabe que a Lei é para todos os concellos e dende o seu punto de vista non é o mesmo un concello de Andalucía que un de Galicia e igual deixando a esta Lei irse facendo pouco a pouco e que a Xunta de Galicia a adaptase á realidade galega pois igual nos ía mellor antes de entrar neste tipo de litixios. Manifesta que o seu voto vai ser que non.

Segue o debate para facer dúas puntualizacións. A primeira en relación a que o Sr. Alcalde dixo que a FEGAMP rexeitou totalmente esta Lei, e dí que quere informar de que na comisión executiva da FEGAMP do 20 de marzo votou favorablemente a este proxecto, e por outro lado, en relación ao que decía agora Tino informar tamén de que á Xunta de Galicia, a Lei 27/2013 establécelle un marco e que agora a Xunta ten que adaptar a súa propia reforma local. Informa tamén de que a Xunta adoptou xa as súas propias medidas urxentes de adaptación desa reforma local tan necesaria e adaptada precisamente a eso, ás peculiaridades do municipalismo galego, ás esixencias do municipios galegos e non ás esixencias de determinados partidos nin de determinadas ideoloxías nin de determinados sectores interesados por unhos motivos que nn teñen nada que ver co ben xeral e o ben colectivo.

Volve intervir o Sr. Alcalde decindo que dende logo a FEGAMP no seu momento rexeitou esta Lei con voto unánime e que a FEGAMP, coa maioría que ten o PP, cabe dar o visto e praxe a esta proposta para a lei autonómica, porque a Lei do Estado rexeitouna e por maioría unánime dos grupos, que daquela eran tres e siguen sendo PP, PSOE E BNG. Volve a reincidir en que sí votou a favor desta Lei, pero unha Lei de ámbito galego e que desgraciadamente e contra o que eles poidan pensar, non é unha cuestión entre iguais, entre Xunta e Estado, e o que vai facer é intentar amañar no que poida e dentro do que poida toda esta desfeita pero sin poder invalidar o que a lei estatal acaba de decir, e se acaba de decir esas cousas que tan alegremente: pois mire, é mellor que non se traian máis nenos e nenas porque antes se gastaban... dí que iso non é así e que non quere que a sociedade de Ribdeo non teña dereito a ter unha escola de música, por poñer por caso, e que se nega a que teñan que ir a clases particulares como había antes ou cando tiñan que ir Lugo, a Luarca ou a Viveiro, e que se nega e non quere, pero que igual o ten que cumprir, que igual teñen que desfacer todo e indemnizar á xente, largar a todo o mundo e que Ribadeo se quede sen servizos, pero que vai facer todo o posible para que iso non sexa así.

Sometido a votación a Corporación por sete votos a favor (seis dos membros do Grupo do BNG e un do concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto) e catro en contra (tres dos membros do Grupo do PP e un do concelleiro de UPRI no Grupo mixto), dos trece membros que legalmente compoñen a Corporación, é dicir co voto favorable da maioría absoluta legal, acorda:

**PRIMERO.-** Iniciar la tramitación para la formalización del conflicto en defensa de la autonomía local contra los artículos primero y segundo y demás disposiciones afectadas de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre de 2013, de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local (BOE nº 312 de 30 de diciembre de 2013) de acuerdo al texto que se adjunta, según lo señalado en los arts. 75 bis y siguientes de la Ley Orgánica 2/1979, de 3 de octubre, del Tribunal Constitucional.

**SEGUNDO.-** A tal efecto, solicitar Dictamen del Consejo de Estado, conforme a lo establecido en el art. 75 ter 3 de la Ley Orgánica 2/1979, de 3 de octubre, del Tribunal Constitucional, por conducto del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, a petición de la entidad local de mayor población (art. 48 Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local), así como otorgar a dicha entidad la delegación necesaria.

**TERCERO.-** Facultar y encomendar al Alcalde para la realización de todos los trámites necesarios para llevar a cabo los acuerdos primero y segundo y expresamente para el otorgamiento de escritura de poder tan amplio y bastante como en derecho se requiera a favor de la Procuradora Dña. Virginia Aragón Segura, col. nº 1040 del Ilustre Colegio de Procuradores de Madrid para que, en nombre y representación del Ayuntamiento de Ribadeo de forma solidaria e indistinta, interponga conflicto en defensa de la autonomía local contra la ley 27/2013, de 27 de diciembre de 2013 (BOE nº 312 de 30 de diciembre de 2013), de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local siguiéndolo por todos sus trámites e instancias hasta obtener sentencia firme y su ejecución.”

**2014.05.16.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL).**

**\*DACION DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA (DO Nº 337 DE 20/12/2013 AO 364 DE 31/12/2013 E DO 1 DE 09/01/2014 AO 38 DE 21/02/2014.**

**\*MOCIÓNS.**

**\*ROGOS E PREGUNTAS.**

**DECRETOS DA ALCALDÍA.-**

Comeza o debate o Sr. Reymondez Gancedo, polo Grupo de U.P.R.I., decindo que no ano 2013 o decreto 349 na páxina 3 o rexistro 640 e tamén o 641, que no 640 hai unha construción dunha base de formigón para contenedores e quería saber cantas bases se fixeron.

Contéstalle o Sr. Alcande decindo que iso o sabe o Concelleiro Sr.Cupeiro Rodriguez, que eran 10.000 €

O Sr. Cupeiro Rodríguez manifesta que soamente se fixeron 40, pero que se o quere saber lle dí todas as que se fixeron, pero que non de memoria, pero que posiblemente 40.

Debátese sobre este asunto entre os concelleiros Sr.Reymondez Gancedo e Cupeiro Rodriguez, intervindo o Sr. Alcalde para calmar a discusión. Dí que esto é unha corporación e nunca, nunca como neste mandato, se entrou nos decretos de alcaldía, a ter que abrir debates por preguntas que nunca en ningunha corporación se deron. Di que a información e as facturas están todas, que incluso se deu fotocopia de todo (que nunca se deu) e que non se pode entrar en debate porque iso non é un debate.

Interrumpeo D. Agustín Reymondez decindo que el só pregunta.

Prosigue entón D. Agustín Reymondez Gancedo pasando ao punto 641 e dí que “o mesmo”, un gasto de dousmil... e corríxeo o Sr. Alcalde decíndolle que son 3.192: acondicionar zona do punto limpo para almacenamento de plástico de silo. Explica que foi unha necesidade ordenada pola Xunta de Galicia, se non se equivoca, pola Consellería de Medio Ambiente plásticos de silo, polo que tiveron que ordenar facelo e que custou iso. Tamen explica que según un informe técnico previo dos técnicos municipais se decía o que había que facer e o que teóricamente costaba.

Intervén D. Agustín Reymondez Gancedo, do Grupo de U.P.R.I., decindo que a el persoalmente lle parece unha burrada, que simplemente 40 metros de malla e o material coste 620 € que se multiplique despois posto en tresmil cento e pico euros, que non sabe se unha base de formigón e un furado no cemento... que lle parece unha burrada. Tamén dí que se iso o ten que encargar ou calquera para a súa casa sale a metade máis barato.

Debátese novamente entre os Concelleiros Sres.Reymóndez Gancedo e Cupeiro Rodríguez.

Visto que a discusión continúa intervén o Sr. Alcalde manifestandolle a D. Agustín Reymondez que como sigan un minuto máis así lle retira a palabra porque iso non é un debate e que non acepta esos debates. Dí que sí acepta preguntas, que se contestan e se acabou, que cambie para outra factura se quere.

Pasa o Sr. Reymondez Gancedo a referirse á anotación nº 348 e dí que aí hai unhas reparos de intervención. Continúa decindo que non lle preocupa o gasto pero si o porque do reparo de intervención, que parece ser que debidos á orde dos pagamentos.

Responde o Sr. Alcalde que hai unha serie de servizos de telefonía, de subscripción de periódicos, unhas rentas e unhas situacións que teóricamente non se deben domiciliar, e que de feito houbo parte que están des-domiciliando nos últimos tempos, que antes había moitísimas máis cousas domiciliadas. Continúa explicando que hai determinadas

circunstancias en que se fai francamente difícil cumprir, por exemplo, se non teñen domiciliada a telefonía, seguramente non a poidan pagar. Manifesta que sí puideron des-domiciliar a luz e que están avanzando na des-domiciliación.

Pasa a continuación o Sr. Reymondez Gancedo a referirse o número 337 e dí que hai outro reparo de intervención. Pregunta o Sr. Alcalde se é sobre o pavillón polideportivo e o Sr. Reymóndez responde que sí, sobre o pago a Elecnor de 207.000 € ou cree que algo así, e dí que hai un reparo de intervención e que vai a ser sincero e que non quere alardear deso, pero que quere facer unha protesta porque realmente se lles dan as resolucións da alcaldía, ou se lle dan a el, sen o informe técnico de intervención.

Repíte que non ten os informes técnicos e que de repente, non sabe porqué, pero polo menos neste pleno desaparecen os informes, que para el iso sinceramente é restar información. Continúa decindo que el agora mesmo está preguntando por eso e que si tivera o informe técnico orixinal podería saber o porque, porque ahí di como dato máis relevante o non convocar ao técnico titular de intervención. Repíte que posiblemente se deran o informe técnico, pois igual non preguntaba, pero que el (referíndose ao Sr. Alcalde) di o dato máis relevante... e opina que será o máis relevante para o Sr. Alcalde, pero que non sabe se realmente ao técnico lle parece relevante ou non.

D. Agustín Reymondez pídelles ao Sr. Alcalde que despois desta protesta os próximos plenos veñan cos informes de intervención, porque se realmente buscan a transparencia, pois iso é a transparencia e iso é que a oposición poidan traballar con criterios obxetivos.

O Sr Alcalde contéstalle que todos os decretos dende que el é concellerio, dende o ano 99, aclara que antes non sabe como funcionaban, que todos os decretos veñen con resumen e as facturas sempre estiveron a disposición e toda a información da corporación. Explica que el entende que por unha cuestión de economía administrativa e por unha cuestión de afinidade, insite, que agora se entregan as fotocopias dos decretos para os grupos e puntualiza que antes había que ir ahí miralas se un quería e fotocopiala un mesmo.

Responde o Sr. Reymondez decindo que el dende que é concelleiro sempre viña o informe e que neste pleno desapareceron de repente os informes de intervención.

Pregúntalle o Sr. Alcalde: como que desapareceron? E o Sr. Reymondez dí que el non os ten e o Sr. Alcalde dille que el non os sacou.

Repíte o Sr. Reymondez que a súa protesta é porque el non ten os informes. E pregunta se os pide abaixo logo.

Aclara entón o Sr. Alcalde que o punto se chama “decretos de alcaldía” e que non se chama “expedientes”.

Interrumpe novamente D. Agustín Reymondez queixándose da ausencia dos informes e di que se da a casualidade de que nesta volta de intervención non ven nada.

Preguntalle entón o Sr. Alcalde se respecto a outros plenos se cambiou o funcionamento ou a aportación de documentación documentación.

Volve a repetir o Sr. Reymondez que neste pleno non ten ningún informe de intervención e dí que no pleno pasado donde había un reparo viña o informe detrais, e que no anterior tamén, e que durante todo este mandato e o anterior.

O Sr. Reymondez Gancedo refírese á impartición dunhos cursos de ximnasia rítmica e mantemento de adultos.

O Sr. Alcalde respóndelle que sí, que é o da ximnasia das parroquias.

D. Agustín Reymondez dí que non ve o informe de intervención, que só ve que a actividade se fai de dous en dous anos e pregunta se o normal é facelo de dous en dous anos.

Constesta o Sr. Alcalde decindo que lle parece que a lei faculta para facer ata de catro en catro, pero que non está seguro. Rectifica decindo que permite catro máis dous, e que escolleron dous.

Pregunta o Sr. Reymondez se o de ximnasia sempre o fan de dous en dous.

O Sr. Alcalde dí que non o sabe, que non se acorda. Continúa explicando que desta vez se convidaron a cinco empresas nun procedemento.

Referíndose ao punto 361 da páxina catro, o Sr. Reymondez Gancedo di que hai ahí uns traballos de necesidade do pavillón por un valor de mil e pico euros e pregunta que traballo é ese.

O Sr. Alcalde dí que non lle sabe contestar agora mesmo porque o Concelleiro especializado nestes temas, Sr. Castro Reigosa non está presente, pero que en todo caso si lle sabe decir que son unhos traballos que non estaban contemplados na adxudicación do contrato e que era necesario facelo, que era unha pena non facelo, e que o concello asumeu ese gasto e outros máis con fondos propios.

Continua o Sr. Alcalde decindo que cree que a iluminación das escaleiras e a sinalización de emerxencia, que non estaban no proxecto e que recomendaban poñelas para cumprir ao cambiar a norma de seguridade.

O mesmo concelleiro Sr. Reymondez Gancedo refírese ao nº 362, páxina 1, e dí que é un recurso contencioso-administrativo contra o proxecto de gasoduto. Pregunta que é iso.

O Sr. Alcalde indica que non está ben explicado. Que é os honorarios e o informe para un posible recurso contencioso administrativo contra o proxecto do gasoduto. Explica que o concello pideu os servizos xurídicos dun avogado externo para mirar a

viabilidade, de a cordo cunha serie de afectados, do gasoduto, pero que o concello non chegou a meterse nun contencioso.

Manifesta o Sr. Alcalde que desta información tamén son coñecedores os afectados.

Continúa o Sr. Reymondez, pasando xa aos decretos do ano 2014, e falando dunha sentenza dictada polo Xulgado do Social de Lugo en relación ao recurso interposto por un profesor da Escola de Música polo recoñecemento ao dereito como persoal laboral indefinido. Explica que este recurso estima a demanda e pregunta se cos servizos xuridicos que ten o Concello na Deputación non poderían evitar o recurso.

Aclara o Sr. Alcalde que este recurso é un de varios recursos que dende hai oito ou nove anos colean por ahí periódicamente, xente que non tendo praza, pero estando contratados durante un número de meses, e segundo o Estatuto dos traballadores adquire a condición de indefinido, pidenlles a eles esa condición. Explica que os técnicos do Concello aconsellan que de entrada non é conveniente que se lles dean esas condicións, polo que se decide que eles acudan á xustiza e se a xustiza lles da a razón decláranse indefinidos, pero que hai que ter en conta que nese caso pouco máis se pode facer, no sentido de que se están contratados e se despiden seguramente a maxistratura e o Xulgado do Social lles vai dar a razón por despido improcedente, e que entón queda indemnización ou readmisión. Explica que si se indemniza se quedan sen persoal e se fai inviable a escola de música.

Puntualiza o Sr. Alcalde que este caso non é o primeiro, que dende a época do alcalde Sr. Rodriguez Andina hai casos de xente que foron reclamando os seus dereitos como traballadores segundo o Estatuto dos Traballadores en réxime laboral, non en funcionariado. Tamén di que hai outro tipos de contratos que xa son pequeniños en horas e que sobre eles o Estatutos dos Traballadores non di nada.

Segue explicando o Sr. Alcalde que hai traballadores da Escola de Música con praza creada, puntualizando que agora non se poden crear prazas. Opina que isto se pode resolver se habendo prazas e instrumentos, e sistemáticamente se reclaman ano trais ano, o Concello podería crear esa praza con esas horas e se despois se puidera facer unha modificación obxetiva por condicións de traballo, e que estes ou outros participaran, ganaran, perderan, pero que se cubrirá. Volve a decir que agora non se poden crear prazas a situación é complexa, porque se os votas os hai que readmitir ou indemnizalos e que están expostos dende hai anos a esta situación na que recurren ao Social a que lles den a razón. Puntualiza que nos Xulgados do Social normalmente as sentenzas son moi por-operarios.

O Sr. Remondez Gancedo dí que para ir rematando vai pasar ao capítulo 33, que hai ahí un gasto de 242,68€ dotado para os apartados de correos do concello e pregunta cantos apartados de correos hai.

Indícanse que deben ser catro e que se non se mestura a documentación e pode haber problemas, por exemplo subvencións que non correspondan, documentos con caducidades que non se xestionen ben. Di que un dos apartados será o do Xulgado de Paz.

Cambia de punto o Sr. Reymondez e pasa a falar do nº 35, indicando que nos pagos a Eon hai tamén un reparo de intervención, e que non ve exactamente a que se refiren esos reparos.

Contesta o Sr. Alcalde decindo que iso xa o explicou outra vez, que non é no pago senon na aprobación. Explica que deberían licitalo porque é dun contrato menor e porque é reiterado no tempo, que leva reiterado no tempo dende o ano 40 ou dende a guerra.

Pregunta o Sr. Reymondez por aquela historia da Deputación, que a ían contratar dende alí e o Sr. Alcalde resposta que si, que se ía facer, que a sacou a Deputación a concurso e quedou deserta, que despois a Deputación quixo negociar os mesmos parámetros e que ningunha operadora quixo levar os servizos dos Concellos.

Intervén o concelleiro do Grupo Popular Sr. Valín Valdés indicando que a vantaxa de intervir despois do concelleiro Sr. Reymondez é que lle reduce á mínima parte o traballo, pero que de todas formas él, sen ánimo de polemizar nin moitísimo menos, pero que teñen que entender que o que están a facer co traballo de ver os decretos e preguntar, que non e para que haxa un debate nin para fastidiar a ninguén, que so é para enterarse e para que se lles diga públicamente. Puntualiza que isto non é porque pensen que se lles ocultan cousas.

Volve ao punto do nº 338, o da ximnasia nas parroquias, e pregunta se pasou algo para ter que cambiar a empresa ou se houbo que sacar a concurso de novo.

O Sr. Alcalde respóndelle que o contrato estaba vencido, indicándose tamén que a empresa desapareceu.

O Sr. Valín Valdés dí que en Cerceda segue traballando esa empresa.

Refírese seguidmaente o Sr. Valín Valdés a dous decretos, o 344 e outro ao final, e di que só quere preguntar que é o programa ese da Ponte dos Santos, un puente a tu salud. Di que igual o falaron algún día e non se acorda de que é, pero que ten unha aportación de 20.000 € no momento.

Explica o Sr. Alcalde que iso é parte da aportación, que o Concello de Ribadeo aporta o 16% e o de Castropol o restante.

Pregunta en que consiste o proxecto, respostándose polo Sr. Alcalde que é o proxecto do plantación de arándanos, pero que tamén veñen parte de gastos de pólizas de crédito que se poden reducir pero que non están pechadas e que teñen que ver con gastos dos Concellos de Castropol e Ribadeo polo tema dos obradoiros de emprego que houbo e do anterior plan Leader.

Pregunta o mesmo Concelleiro polos números 349 e 3.707 da terceira páxina o cuarto decreto.

O Sr. Alcalde dí que é relativo ao expediente da Torre dos Moreno que o leva a avogada M<sup>a</sup> Carmen Carbajales Suarez, expediente de dominio para a inscricion rexistral da parte municipal. Explica que como saben eso nunca se puido inscribir no Rexistro da Propiedade, que se intentou en dúas ocasións e o rexistrador dixo que non procedía, e que xurídicamente se veu unha posibilidade de ir a esa figura dun expedente de dominio e que para iso contrataron os servizos dunha xurista.

Preguntase polo nº 361 da segunda páxina. Dí que hai dúas portas para o edificio da antiga fábrica de algas da Vilavella.

O Sr. Alcade explica que iso é que na fábrica de algas quixeron independizar unha ala do resto.

Unha nova pregunta sobre outro decreto cun gasto de 29.500 euros de obras de fábrica en a Devesa, Cobelas e Couxela.

Intervén o Sr. Alcalde e dí que cree recordar que son unha serie de tubos, canalizacións ou algo así, pero que non o recorda. Afirma que son de canos e de tubos, respondendo a peticións de asociacións e de veciños.

## **MOCIÓNS:**

### **MOCIÓN CONTRA O DESMANTELAMENTO DO 065 DO SERVIZO GALEGO DE TRANSPORTE ADAPTADO.-**

Dase conta da Moción co seguinte texto:

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Servizo Galego de Transporte Adaptado (065), que atende as persoas con discapacidade e dependentes, foi instaurado por iniciativa do BNG no goberno bipartito da Xunta de Galiza e constituíu o primeiro transporte adaptado público de todo o Estado español.

A partir do acceso do PP ao goberno da Xunta de Galiza, este servizo básico, bautizado como Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (065) comezou a sufrir un deterioro constante que ten a súa culminación na decisión da Xunta de deixar de prestar o servizo para o traslado diario ou semanal das persoas dependentes aos centros onde van ser atendidas nas súas terapias.

Este feito, xustificado polo PP con base nunha pretendida racionalización e eficacia, tradúcese simplemente no desmantelamento do servizo do 065, para non atender o desprazamento regular de persoas dependentes nin para garantir a mobilidade das persoas con maiores dificultades. En cambio, non teñen reparo en crear para o Consorcio de Benestar un transporte propio para as persoas usuarias dos seus centros.



Isto é outro paso na eliminación dos programas e servizos de dependencia e benestar que sufrirán novamente as persoas máis débiles, neste caso as que teñen maiores dificultades para se trasladaren e poder recibir atención como consecuencia do seu estado.

Ademais, a decisión do goberno do PP vai provocar unha perda importante de postos de traballo. De feito, o novo concurso para contratar o servizo na comarca de Ferrolterra, en Verín, O Barco de Valdeorras, Vigo e Pontevedra, ficou deserto, o que provoca a suspensión a partir do 8 de marzo de 2014, un proceso que afecta, por exemplo, a 14 traballadoras e traballadores, no caso de Ferrolterra.

Por este motivo o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal á adopción do seguinte

### **ACORDO**

Instar á Xunta de Galiza a:

- 1.** Paralizar o desmantelamento do Servizo do transporte adaptado do 065.
- 2.** Garantir o desprazamento regular das persoas dependentes e a mobilidade das persoas con maiores dificultades.

Intervén a concelleira de Asuntos Sociais Sra. González Piñeirúa explicando que esta moción é sobre o desmantelamento do servizo 065, que é o Servizo Galego de Transporte Adaptado.

Di que ese servizo foi creado a iniciativa do BNG durante o goberno bipartito da Xunta e que é o primeiro transporte público adaptado do Estado Español.

Que atendía a tipoloxía de dous tipos de usuarios: por un lado están os usuarios discrecionais, é dicir, un usuario que chamaba puntualmente, e despois había outros usuarios que o utilizaban de forma regular para asistir aos centros de día, centros ocupacionais. Manifesta que na actualidade o que ocorre, e por iso se fala de desmantelamento, é que se vai concervar o servizo discrecional e se eliminan os servizos regulares, entendendo que é o que traslada aos centros de día e aos centros ocupacionais. Explica que outro cambio fundamental é que antes había en toda a zona da Mariña seis microbuses, e que para a zona de Ribadeo tiñan dous, e que na actualidade quedan só dous microbuses para toda a Mariña que atendería a persoas dos concellos de Muras, Oulol, Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Alfoz, O Valadouro, Mondoñedo, Abadín, Trabada e Ribadeo.

Di que se está a falar de dous microbuses para atender aos pacientes que utilicen puntualmente, ben sexa por exemplo para ir ao hospital de Burela, de toda a Mariña.

Tamém manifesta que evidentemente, se o piden con antelación podería ir ao hospital de Burela, pero sempre e cando non tiveran outra prioridade superior, pois ao mellor se o piden o día antes lles dicen: non mire non pode ser porque o pideu outro. Ademais,

nun suposto caso, que podería ser, un usuario de Ribadeo que fose a Burela, pois ese transporte tería que esperar a que volvesen de volta, a que fose atendido, e que a eficacia, que é o que pretenden con esta renovación do servizo, se vería moi menguada.

Por outro lado, di que tamén afecta a postos de traballo, porque simplemente, se viñan atendendo a unhas 200 usuarios e na actualidade entorno á Mariña se van a perder en torno a oito postos de traballo.

Toma a palabra a continuación o concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández do PSG-PSOE, indicando que non dispón de elementos de xuízo nin sobre a creación do transporte nin sobre o seu funcionamento, de modo que non vai a entrar na materia.

D. Agustín Reymondez Gancedo por UPRI, di que isto é moi complexo porque realmente é un servizo que se lle dá á xente dependente e que é moi difícil buscarlle esa eficacia que di a Xunta de Galicia, que se busca eficacia claro que afecta a postos de traballo e a autobuses, que pasan de 112 a 44, e que xa se verá a ver a eficacia.

Explica que, en todo caso, isto son aqueles modos de crear certos servizos sen ter unha base nin un estudo profundo económico, porque un servizo moi bo como este, que non o nega, tamén moi optimista no seu día, e crear isto sen unha base económica para que se manteña durante o tempo, pois produce isto.

Opina que ese tipo de servizo é moi interesante, pero que ve que dada a situación económica, tamén goberna na Xunta o PP, e hai que tomar medidas de aforro, de racionalización ou de eficacia. Que en todo caso se non é eficaz a responsabilidade vai ser do partido que toma este tipo de medidas.

Di que quería incidir en que crear servizos como este, pois pensa que debería ser máis ben dedicado á xente con poucos recursos, que non sabe se agora tal e como estaba podía acceder calquer persoa dependente a este tipo de servizo.

Conclúe expresando que o seu voto non vai ser nin que sí nin que non, que se vai abster.

Intervén de seguido o Sr. Valín Valdés que manifesta que lóxicamente o Partido Popular vai votar en contra nesta moción e que vai a tratar de non pasalo como alago, que xa non tiña moitos argumentos, pero que procurou buscar o argumento no que se basa por esta modificación o servizo do 065 e que lóxicamente leva adiante o goberno que coincide na cor con ese grupo municipal e co portavoz que lles fala.

Continúa decindo que, facendo un pouco de historia como facía a concelleira delegada é verdade que o 065 nace no bipartito, pero que nace como un servizo de axuda no desprazamento programado e non urxente, é dicir, é un transporte puntual, non un transporte regular.

Dí que o grao de satisfacción que actualmente tiñan os usuarios do 065 non era o axeitado, nin polas persoas que quedaban sen atender nin polas persoas que eran atendidas. Como dato aporta que o 80% das persoas usuarias mensuais cubrían un

servizo regular diario, polo que o obxectivo do 065 non se estaba cumprindo coa idea do programa inicial, polo que moitos usuarios do transporte puntual quedaban sen servizo ao estar ocupado prestando un servizo regular, que deso era do que non se trataba fundamentalmente.

Tamén lles informa que a iso se suma que había usuarios que utilizaban o servizo gratuitamente como un medio de transporte para ir diariamente aos centros e residencias, mentres outros, dos mesmos centros e residencias, pagaban polo transporte regular, polo que si eso é así, é un mal uso do 065.

Prosegue decindo que todo isto levou a queixas entre os propios usuarios do 065, que non sempre vian atendidas as súas peticións e entre os usuarios do transporte regular que, mentres eles estaban pagando polo servizo, outros iban gratis.

Explica que o que se fai é revisar o servizo para incrementar e mellorar a atención aos usuarios e achegala a máis número de xente, polo que a resivión era obrigada. Dí que o 065 se mantén como un servizo de transporte público adaptado para as persoas que precisen de servizos puntuais e non poidan utilizar o transporte público ordinario, e ten a garantía por decreto, o que non pasaba antes, de non ter custe para o usuario, e que os usuarios actuais manteñen intactos todos os seus dereitos.

Continúa decindo que se aproveita o fin do contrato que había para cambiar o modelo e convertelo nun modelo máis efectivo. Que esta revisión foi elaborada por expertos e que foi dialogada con usuarios habituais do servizo, que as conclusións e suxerencias de mellora levan a que para conquistar os obxetivos compre que se den varias cousas. Primeiro, manter o 065, un servizo de transporte público adaptado para as persoas que non poidan utilizar transporte público ordinario e precisen de servizos puntuais para acudir ao centro de saúde, a fisioterapia de xeito esporádico ou a coller as menciñas. En segundo lugar compre tamen garantir tamén o servizo de transporte regular de todos os usuarios dos centros á totalidade dos centros titularidade da Xunta de Galicia e noutras modalidades sostidos con fondos públicos, homoxenizando as distorsións actuais existentes. Dí que tamén compre apoiar ao desenvolvemento do transporte Xunta de Galicia, a través das entidades con discapacidade, incrementando as cuantías do concerto por praza pública.

En definitiva, di que con este novo sistema todas as persoas con dereito ao servizo van a seguir sendo atendidas e se mantén a gratuidade do servizo, á vez que se homoxeniza o servizo do transporte regular e se apoian ás entidades con discapacidade, polo que nin hai desmantelamento, porque o orzamento para este recurso está blindado e para este ano preto de 13 millóns de euros, 6,1 para a modalidade puntual e 6,8 para a regular, nin é certo que se vaia desmantelar o 065, nin é certo que se deixe de prestar ese servizo, nin é certo que, concluíndo, haxa desmantelamento.

Explica que por quinto ano consecutivo o gasto social gaña peso nos orzamentos da Xunta de Galicia, se o comparamos co ano 2.009, que había un 68,2, co ano 2014 hai un 78%. Di que son datos, que non están tratando de xustificar ningunha medida, e que polo tanto o seu voto vai a ser que non á moción que presenta o BNG.

Rematado o debate sométese a votación resultando aprobada, por seis votos a favor (dos concelleiros do BNG) tres encontra (dos concelleiros do PP) e dúas abstencións (de UPRI e PSOE, no Grupo mixto), a Moción de referencia nos propios termos da mesma.

## **ROGOS E PREGUNTAS**

### **DO PSG-PSOE.-**

O Sr. Gutiérrez Fernández manifesta que non vai formular nin rogos nin preguntas.

### **De UPRI.-**

O concelleiro Sr. Reymondez Gancedo do Grupo de UPRI pregunta sobre a declaración da Praia das Catedrais como Parque Natural.

O Sr. Alcalde respóndelle que quen ten que iniciar ese procedemento é a Comunidade Autónoma e non o Concello, e que están intentando cumprir o acordo que aprobaron de difundir e animar a colectivos, asociacións e cidadanía en xeral da conveniencia de ir a ese modelo. Di que recorda que naquela proposta acordaran dúas cousas, unha dirixirse á Xunta para que iniciase isto e que mentres tanto, e para o ano 2014, que iso se aprobou no 2013, que polo menos se puxesen a andar os instrumentos que xa se tiñan creados, que era o desenrolo do monumento natural e o desenrolo da Rede Natura do NIC.

Explica que ata agora a Xunta non deu sinais, nin do principal nin do secundario, pero que eles conseguiron que a Deputación tivera un pronunciamento favorable a esa proposta, que foi a mesma que se presentou no Concello, e que o que están e difundindo a diferentes colectivos, o último foi o CENMA (centro de mamíferos mariños), e que están sumando adhesións.

Pregunta o Sr. Reymondez Gancedo se hai “un non”. O Sr. Alcalde respóndelles que hai “un non contesta”.

D. Agustín Reymondez refírese a unha certa oleada de roubos, entrada en edificios, negocios, de roubos de gasoil en camións e manifesta que non sabe se con vistas á campaña que ven se debería pedir unha xuntanza da Xunta Local de Seguridade.

Contesta o Sr. Alcalde que o teñen previsto celebrar a principios deste mes que entra a xuntanza local de seguridade.

A continuación o Sr. Reymondez menciona que xa fai bastantes meses, que non recorda o plenario, que pensa que foi unha proposta do PP, para solicitarlle á Deputación que cedese ao Concello a estrada da entrada de Vilela a Ribadeo con un orzamento para reparala, e pregunta se hai algo de iso.

O Sr. Alcalde respóndelle que desgraciadamente non, que se enviou a proposta tal e como se acordara, incluso con un proxecto redactado polos técnicos, e que a día de hoxe lamentablemente non saben nada. Explica que houbo peticións máis que reiteradas, incluso directamente ao Presidente da Deputación e ata agora non teñen nada.

D. Agustín Reymondez di que en todo caso, aproveitando a situación, xa que a Deputación vai invertir en camiños e en estradas dous millóns e pico de euros, lle solicite que lle meta man a esa. O Sr. Alcalde di que xa, pero que non é só esa.

O Sr. Reymondez Gancedo continúa decindo que pasan os anos, e que xa o ano pasado a Deputación publicou nos medios unhas inversións en infraestructuras e a esa estrada non se lle tocou.

Di o Sr. Alcalde que nin a esa carretera, nin a de Cedofeita a Vilausende, Couxela... están moi moi deterioradas, que son conscientes e por escrito e verbalmente, e que piden que se non se poden arranxar con aglomerado asfáltico sexa con outro material pero cunha calidade axeitada porque son perigosas.

O Sr. Alcalde propón dirixirse por escrito formal decindo que nun debate do pleno da corporación se esixe da Deputación que con eses fondos que teñen para reparar os seus viais, porque eses non son para darlle aos concellos para que fagan outros tipos de obras, se acorden dos da Deputación no seu paso por Ribadeo.

D. Agustín Reymondez di que aproveitando que están xa nesa estrada, nas pontes da circunvalación, por exemplo na Ponte do Cobo ven que as pontes como que repisan, que a ponte non é, que posiblemente sexa o empate da ponte. Pregunta se a responsabilidade é de Fomento.

O Sr. Alcalde responde que cree que sí, que non o pode asegurar, pero que cree que si porque de iso teñen avisado e ademáis avisado ao vixilante de carreteras do Ministerio de Fomento, advertindo esa circunstancia, e que foi velas.

Para rematar, D. Agustín Reymondez Gancedo di que referente ao rocódromo que se fixo, que está ben, pero reconece que fixo unhas queixas públicas porque aquilo tal e como estaba era un perigo, e pensa que o sigue sendo porque estivo lendo o papel que puxo a empresa e, entre outras cousas, pon que para subir ahí os rapaces teñen que estar federados e que hai obligatoriedade de haber un monitor. Indica que se podería pechar e controlar a entrada.

O Sr. Alcalde dille que se está a ir a unha especie de sociedade moi americana no sentido das reclamacións e que el é consciente de iso. Di que recorda que no parque de Pintor Fierros tamén se poñen instrucións e que sabe que naquelas cordas pode ir un neno moi pequeno sen os pais e pode quedar pendurado dunha corda e mancarse, pero que había unhas instrucións de uso, é decir, que non os poden culpar a eles e tampouco están vallados.

Di que non está o Concelleiro, pero que o mirará e se se pode facer algo máis de verdade que o fará.

### **Do Grupo Municipal do PP.-**

A continuación intervén a Concelleira do Grupo do PP Sra. López-Braña Freije indicando que máis ben que un rogo, que iso é unha queixa. Di que levan dende ontes tres días de loito oficial no Estado, que na maioría dos municipios, provincias e institucións as bandeiras estiveron a media asta, di que o leeu e que sabe que o Sr. Alcalde deu instrucións de que en Ribadeo só se puxese a bandeira nacional, según consta no decreto, e dí que iso é unha cuestión discutible.

O Sr. Alcalde pregunta se é discutible respostándose pola Sra.concelleira que sí.

O Sr. Alcalde pregunta se é discutible cumprir o que di o artigo.

A Sra.Concelleira indica que o que son as normas de protocolo e de respecto, de respecto á maioría dos cidadáns, sería poñer as tres bandeiras a media asta ou ben haber retirado as dúas que non puxo a media asta ou ben recollelas no seu propio mástil. Dí que iso son as normas de protocolo institucional.

Explícalle que é moi facil ter informaciónde iso, que só hai que chamar a certos organismos, que a Deputación ten un servizo de protocolo e que igual o informan de iso. Di que así non habería molestias por parte do Concello de ferir sensibilidades, que sabe que non todo o mundo as ten no mesmo nivel, e que por iso ela rogaría que na próxima ocasión que puidese haber un tema de especial sensibilidade para o pobo se teña en consideración algo máis que a propia norma.

O Sr. Alcalde di que nesa cuestión lamenta que por cumprir a norma de protocolo que marca o propio Boletín do Estado ser obxecto de crítica, que pensa que con persoeiros de Estado como o Presidente do Goberno posterior a este que faleceu ontes, o Sr. Ramos Otero, cree que se lle fixo ahí un funeral de Estado e que para nada se pode cuestionar.

A Sra.Concelleira expresa que quere que quede constancia en acta da queixa do Grupo Municipal do PP.

A continuación a mesma concelleira pasa a formular a súa segunda queixa. Di que xa non é unha queixa, senón que é unha solicitude, en concreto de dous concelleiros do Grupo Popular.

Explica que se tomou a delicadeza, como viron ao principio, de ler a acta da sesión anterior e que se aprobou unha moción do BNG. Aclara que o dí polas declaracións que fixo o Sr. Alcalde na prensa a raíz dunha solicitude que presentou, que xa lle dixo que ela a traía como solicitude e non como moción, e nas que dice que o pleno aprobou o uso do balcón para unha pancarta.

Di que quere aclarar a solicitude que se presentou no Concello, porque para nada fai referencia ao contido da pancarta, que pode ser esa ou pode ser outra dentro de quince días, ou que pode ser que incluso dentro de unhos anos, como todos vamos e vimos, que isto é unha rutela, que hoxe está el no goberno e mañá pode estar outro, e se pode atopar coa sorpresa de que o balcón municipal o utilice para algo que non comparte.

Explica que para evitar a utilización dos espazos que son de todos, e dí que iso non o someteu á consideración dese pleno, lle pide que por ese respecto e esa deferencia en principio retire a pancarta que colga do balcón, xa que o pleno non se pronunciou sobre o uso do balcón. Di que ela non entra no contido, que iso é outro tema.

Dille ao Sr. Alcalde que unha vez retirada a pancarta se quere destinar o balcón municipal a espazo publicitario o someta a consideración do pleno. Di que poden sometelo e regular como unha norma o posible uso dese balcón.

Opina que lle parece un bo comezo para garantir que representa a todos, que calquera acordo pasara pola unanimidade dos que están na corporación, agora ou dentro de moito tempo, pero que non se poida utilizar para os intereses propios, porque o Concello é de todos os ribadenses, ata dos que non lle votaron ao Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde dí que el non sabe o que publicou a prensa en cuestión, que non recorda, pero que el o que dixo, sen prexuízo do que acabe publicado na prensa, foi que a gran maioría maioritaria da corporación acordou unha serie de puntos e entre eles evidentemente non baixaban ao terreo a decir “colocamos unha pancarta no balcón do concello”, que iso non se aprobou, pero que se acordou que o Concello porá en marcha, a través da area de igualdade, unha campaña institucional de información de divulgación da Lei Orgánica 2/2010 do 3 de marzo de saude sexual e reproductiva e da interrupción voluntaria do embarazo en que se informa ás mulleres do recursos con que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.

Explica que esa pancarta non leva ningunha sigla, non é partidaria, que a esa pancarta moitos desta corporación, incluídos xente do seu grupo (referíndose ao PP) votou a favor desa proposta. Di que non quere meter o dedo no ollo aproveitando esa circunstancia, pero que é unha lei que afecta a todas as mulleres e as súas liberdades sexuais e do seu corpo, e que sobretudo se está apelando ao dereito positivo das persoas e das mulleres, e polo tanto consideran máis que xustifico e non consideran apropiado retirala.

Intervén o Sr. Valín Valdés sobre o tema das bandeiras, e di que non é por incidir. Pregunta se hai algún problema en baixar as outras e, se independentemente de que cumpra a norma, di que a bandeira que está no medio baixada o representa porque engloba, pero pregunta se hai algún inconvinte en baixar as outras.

O Sr. Alcalde di que non ten ningún inconvinte, que so siguiu a instrucción do que se poñía.

O Sr. Valín Valdés manifesta que entón lle vai facer un rogo, que se é tan amable, o que queda de loito, se o acepta, que baixe as outras dúas bandeiras tamén e que as poña como a bandeira española.

O Sr. Alcalde dí que non sabe canto queda de loito. Maniféstase que ata mañá ás 12.

O Sr. Alcalde respóndelles que non se preocupen que se baixarán dende agora ata mañá pola mañá, pero que conste que lle parece una teatralización o que están a facer.

O Sr. Alcalde di que lle poden decir que hai xente que non lle gusta esa pancarta ahí e que eles están a dar os seus argumentos, e que xa está, que non teñen ningún problema e que non vaian a discutir por iso, pero que lle parece absolutamente teatralizado por ver no que os plenos se convirte agora. Di que xa tiveron a guerra de bandeiras fai tempo, que estarán arriadas esta noite e que mañá pola mañá mandarán elevalas.

Continúa o Sr. Valín Valdés cunha serie de rogos. Recoñece que a obra do pavillón polideportivo lle soprendeu gratamente, que xa o dixo públicamente, pero que en nome de outro compañeiro que non está presente roga se é posible, como cree que ten de todo o pavillón, ata rocódromo, instalar un aparca-bicis como os que hai noutos sitios.

Cambia de tema e dí que o seu compañeiro ten feito rogos, seguindo no deporte, e que tomara nota o concelleiro delegado para colocar unha canasta nun sitio que os cativos piden, e dilles que non olviden o tema.

Refírese tamén a dúas rúas que están en moi mal estado, e que esas depende do Concello: a Avda. Rafael Fernandez Cardoso e a rúa Sor Pilar de Leon. Di que son moi frecuentadas polo tema dos pais que levan os nenos ao colexio e pregunta se lle poderían botar unha man a eses baches e tapalos de algún xeito canto antes.

Responde o Sr. Alcalde decindo que a Rafael Fernández Cardoso se non está hoxe vai a estar mañá porque aproveitando que se están a facer unhos pasos elevados tamén a última hora e sen licencia do interventor.

Continúa decindo que a de Sor Pilar de León non pode ser con aglomerado, que ten que ser con rego, e que vai haber que esperar máis porque hai que iniciar un procedemento como de edificación.

A continuación refírese á Estación Vella, decindo que a usa moita xente para ir á Lodeira. Dí que é arranxar un pouco o camiño que non é asfaltar nada.

O Sr. Alcalde di que ese camiño non é público e pregunta se fan ben ou mal tapando baches dun camiño que non é público, porque se pon nun decreto que utiliza zahorra para un camiño que non é público lle dirán “pero a onde vai”.



Recoñece que a xente pasa por ahí e tamén recoñece que hai alí unha infravivenda.

Continúa o Sr. Valín Valdés referíndose a si pode facer algo neses tres sitios e pasa a falar da actuación que se fixo no Castro das Lobas. Opina que está moi ben e quedou moi ben o desbroce que se fixo e di que están entrando, que o sente moito por Horacio e os seus compañeiros, que non dí que sexa Horacio quen entra, os pescadores ata a beira do mar cos coches e están a facer unha rotonda tremenda.

Explica que o desbroce quedou fenomenal e precioso e que non sabe se é posible, legalmente, facer como na ponte esa que fixo Tracsa, unhos tocos ahí no medio para prohibir, que xa sabe que teñen que deixar os coches un pouco máis lonxe.

Di que é unha pena porque quedou fenomenal.

Intervén D. Horacio Cupeiro Rodríguez concelleiro delegado de Medio Ambiente indicando que o venres pasado estivo alí cos de TRACSA e lles preguntou que lle parecía, pero o que pasa é que sí poderían facelo e sanear aquilo, pero que terían que pasar pola groba exterior para poder pasar andando, que sería o bonito, poder facer a continuación do sendeiro como está o camiño, cruzar á esquerda e despois salir polo outro lado.

Continúa explicando que el tamen se plantexaba se debían de facer iso dentro do Castro das Grobas, que ao mellor podían facer a obra economicamente pero que haberá tamen que pedir autorización a patrimonio para facer unha cousa de estas, que é lóxico.

Referente ao paso dos coches, di que cree que sempre pasaron por alí, que pensa que o problema non é dentro, que ten pasado algunha vez por alí e o problema é no camiño que vai dende a carretera ata a entrada do castro.

O mesmo Concelleiro Sr. Valín Valdés refírese tamén aos problemas que se volven dar nun tramo da autovía, que supón que o sufren todos, e que non sabe se poden darlle un toque ao Ministerio. Aclara que é o tramo que xa foi reparado e que non sabe se ten problemas polos vertidos da auga.

Para rematar refírese a que veñen moitas mocións tipo, que está moi ben porque lles afecta tamén como ribadenses, pero que por favor traiga as que xa sabe.

Interrumpeo o Sr. Alcalde decíndolle que estivo pensando que lle iba preguntar iso, e entón di, que se lles parece ben a todos, el cree que ao tratar unha cuestión técnica nun moción lles vai pasar como no tema extraordinario, e que si queren o que poden facer é unha xuntanza de portavoces e cos técnicos e elaborar algo en conxunto de cara á accesibilidade. Di que parten desa base, porque ao mellor despois pasa o tempo, que como cada 15 días hai 50 proposicións novas, o mirará cos portavoces e farán unha xuntanza.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vintedúas horas e vintecinco minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,